



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 26/2019, DE 7 DE MARZO, POLO QUE SE ESTABLECE A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

Visto o "Proxecto de Decreto polo que se modifica o Decreto 26/2019, de 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade", en cumprimento do disposto no art. 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, emítese o seguinte **INFORME**:

1. FINALIDADE DO PROXECTO DE DECRETO

O Decreto 26/2019, de 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, regula unha estrutura organizativa que aposta por profundar nunha maior racionalidade e eficacia no desenvolvemento competencial e de xestión das funcións que ten atribuídas así como por desenvolver os criterios de mellora continua e de colaboración dentro do sector público reflectidos na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, na actividade desenvolvida por esta nos diferentes ámbitos materiais da súa competencia, en aras a facer máis áxil e eficiente a xestión administrativa.

O Consello da Xunta, na súa reunión do cinco de novembro de 2020 adoptou establecer os criterios para execución centralizada de obras de infraestrutura viaria e de edificación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.





Este acordo indicaba, xa daquela, a importancia crecente do papel que estaba a asumir a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade na tramitación de contratos de obra e os seus servizos complementarios, así como o incremento da porcentaxe que a mesma representaba sobre o total dos contratos de obra tramitados pola Administración Autonómica.

Dende entón, e sobre a base do principio de autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público, e a través dos diferentes instrumentos de colaboración legalmente establecidos para articulalo, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten consolidado e incrementado ese papel de executor centralizado de obras tanto civil como de edificación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma.

Asemade, esta especialización na execución centralizada de contratos públicos en materia de infraestruturas, incluídos os edificios administrativos, lonxe de minorarse, estase a incrementar coa xestión dos Fondos do instrumento de recuperación Next Generation EU aprobado polo Consello de Europa o 21 de xullo de 2020, e en especial, os do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia desenvolvido en España mediante o Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resiliencia, por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das súas entidades públicas instrumentais.

Por este motivo, e tendo en conta a brevidade dos prazos fixados para a execución dos referidos fondos, resulta necesario precisar as competencias da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no ámbito das infraestruturas de edificación coa finalidade, por un lado, de regular expresamente esta competencia como propia da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, sen prexuízo das competencias específicas nesta materia que correspondan a outros departamentos da Xunta de Galicia.



E doutro, garantir unha xestión máis áxil e eficiente dos fondos Next Generation EU que lle corresponde a Comunidade Autónoma de Galicia, a través de calquera dos instrumentos de colaboración regulados na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

2. ESTRUCTURA E CONTIDO

A presente disposición modifica o artigo 1 aclarando as competencias e funcións que lle corresponden á Consellería en materia de infraestruturas de edificación.

O decreto contén ademais unha disposición derogatoria única e unha disposición derradeira única relativa á entrada en vigor.

3. TRAMITES REALIZADOS

A tramitación do procedemento seguiu o previsto nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

O acordo de inicio do procedemento foi ditado pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade o 22 abril de 2022, vista a memoria xustificativa da Secretaría Xeral Técnica. Durante a fase inicial de tramitación foi emitido informe polo Servizo Técnico Xurídico o 22 de abril de 2022 e posteriormente, o texto foi aprobado inicialmente como proxecto na mesma data.

Durante a fase intermedia, de acordo co disposto nos apartados primeiro e sétimo do artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o 22 de outubro de 2018 foron solicitados informes á Dirección Xeral de Función Pública, á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, á Secretaría Xeral de Igualdade e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Secretaría Xeral Técnica
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
881 999 265
sxt.cim@xunta.gal





O 25 de abril de 2022, a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa emitiu informe favorable ao proxecto de Decreto.

O 26 de abril de 2022 a Dirección Xeral de Función Pública comunicou que non procedía a emisión de informe porque o contido da modificación proposta non afecta ao réxime de persoal nin á estrutura orgánica.

O 26 de abril de 2022 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu informe favorable

E por último, o día 27 de abril de 2022 foi emitido informe de impacto de xénero pola Secretaría Xeral de Igualdade.

Ao tratarse dun proxecto de decreto puramente organizativo, non foi sometido ao trámite de audiencia, segundo o disposto no artigo 42.6 da mesma lei.

O proxecto foi sometido ao informe da Asesoría Xurídica, que emitiu informe favorable en relación coa legalidade e técnica normativa do proxecto.

E finalmente, antes da súa elevación ao Consello da Xunta, o proxecto deberá ser aprobado definitivamente pola conselleira.

De conformidade co anterior e tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos legais esixidos na normativa de aplicación examinada anteriormente e se cumpriron todos os tramites legais preceptivos, polo que esta Secretaria Xeral Técnica informa favorablemente o texto normativo proposto.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

Joaquin Macho Canales

Secretaría Xeral Técnica
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
881 999 265
sxt.cim@xunta.gal

